

REQUIREMENTO DA DOCUMENTACIÓN PREVISTA NA BASE 9.1 A DIVERSAS PERSOAS ASPIRANTES NO CONCURSO OPOSICIÓN DA CATEGORÍA DE PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS (DIARIO OFICIAL DE GALICIA NÚM. 3, DO 4 DE XANEIRO DE 2023)

Pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 17 de marzo de 2025 (Diario Oficial de Galicia núm. 59 do 26 de marzo) publicouse a relación de persoas aspirantes definitivamente seleccionadas no concurso-oposición para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais e se inicia o prazo para a elección telemática de destino.

Unha vez finalizado o prazo de elección de destino e tendo en conta que existen prazas vacantes resultantes de renuncias no proceso de elección telemática, procede REQUIRIR ás persoas aspirantes que se relacionan no anexo deste documento para que **no prazo de 5 días hábiles**, presenten a seguinte documentación nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado membro, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.



c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación. Esta autorización deberá prestarse no modelo que, para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativo a emprego público ([www.sergas.es/emprego público](http://www.sergas.es/emprego_publico)).

d) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría a que opta.

e) As persoas aspirantes que accederon pola quenda de persoas con discapacidade deberán presentar neste prazo, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa do mantemento dos requisitos para acceder pola correspondente quenda, de non ter carácter definitivo a resolución pola que se lles recoñeceu a discapacidade, e que foi presentada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Se dentro do prazo fixado as persoas aspirantes que se relacionan no anexo non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Santiago de Compostela,

O subdirector xeral de Selección de Persoal
do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

Daniel Potel Villar



ANEXO: REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN BASE 9.1 A DIVERSAS PERSOAS ASPIRANTES

Núm.	DNI	Apellidos e nome	Vía de acceso	Total
78	***9750**	BRAÑA ALONSO, NATALIA	LI	76,722
79	***1239**	ROMERO MOSQUERA, MANUEL FRANCISCO	LI	76,625
80	***1521**	ADAN ASENSIO, ANA BELEN	LI	76,589
81	***3434**	LEIS RODRIGUEZ, MARIA DEL MAR	LI	76,518
82	***7037**	NATIVIDAD ALVAREZ, MARIA LUZ	LI	76,516
83	***6251**	LOPEZ TOURON, MARIA DEL MAR	LI	76,425
84	***0874**	RAMUDO REGO, ESTEFANIA VANESA	LI	76,188

Acceso: LI: libre

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.